

O primeiro módulo terá lugar os días 11 e 12 de marzo no Castelo de Santa Cruz, Oleiros

O CEIDA organiza un curso de museografía e interpretación do patrimonio

Oleiros, 6 de marzo de 2008.- O CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – está a organizar un curso de **Museografía e Interpretación do Patrimonio Natural e Cultural** que se levará a cabo en dous módulos.

O primeiro dos módulos, que se celebrará os días 11 e 12 de marzo na sede do CEIDA, centrarase na museografía e interpretación do patrimonio natural e impartiráo **Carlos Fernández Balboa**, licenciado en Museoloxía pola Universidad del Museo Social Argentino de Bos Aires. Fernández Balboa traballa como coordinador de educación ambiental na Fundación Vida Silvestre Argentina e é profesor de museoloxía e interpretación do patrimonio no Instituto de Turismo CEPEC e na Escuela Nacional de Museología e o Centro Internacional para la Conservación del Patrimonio (CICOP).

Renée Sivan encargaráse de impartir o segundo módulo que se centrará na museografía e interpretación do patrimonio cultural e que se celebrará os días 25 e 26 de abril.

Con este curso, o CEIDA pretende presentar ao persoal técnico e responsables dos museos, exposicións, de espazos de interese etnográfico, cultural ou natural, as posibilidades de interpretación do patrimonio para comunicar de forma eficaz os seus valores. Ademais, mostraranse distintas iniciativas onde a interpretación serve para mellorar a xestión e o deseño de exposición e espazos expositivos. Asemesmo, durante este curso, analizaráanse as experiencias exitosas deste ámbito.

Esta actividade está dirixida a museógrafos, intérpretes do patrimonio, guías turísticos, deseñadores de espazos expositivos, arquitectos, axentes de uso público nos espazos naturais e a educadores ambientais. Os interesados poderán obter máis información en www.ceida.org, formación@ceida.org ou no teléfono 981.630.618.